



Concello de
OURENSE

Deportes

En Ourense a 3 de Novembro de 2015

REUNIDOS:

Dunha parte, **José Mario Guede Fernández**, no nome e representación do Consello Municipal de Deportes de Ourense (en adiante Consello), con domicilio na R/ Pardo de Cela núm. 2 de Ourense e CIF núm. P-8260001-F, na súa calidade de presidente do Consello segundo o decreto núm. 2015005122 de Alcaldía-Presidencia de data 30 de Xullo de 2015, e no exercicio das atribucións recoñecidas no artigo 13.1.a dos Estatutos do Organismo Autónomo Consello, asistido polo Secretario do Consello, José Manuel da-Cunha Babarro, que da fe do acto;

Doutra parte, **Antonio Blanco Alvarez**, con D.N.I. núm. 34990188N, en calidade de administrador da mercantil **ABLANAL S.A.**, con CIF núm. 32290041 e domicilio na rúa Mateo de Prado 17-A de Ourense, no nome e representación da mesma, e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos estatutos sociais.

Ámbolos dous interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente contrato.


EXPOÑEN:

- I.** Que o Consello Municipal de Deportes de Ourense precisa o subministro de camisetas para a carreira pedestre do San Martiño 2015 e para iso aprobou un prego de cláusulas administrativas e técnicas para o subministro de dito material polo procedemento negociado sen publicidade.
- II.** Que a empresa Ablanal S.A ofertou unha proposta dentro de dito procedemento, resultando a mais vantaxosa para a Administración e así se recolleu na ordenación decrecente efectuada polo Consello Reitor do CMD.
- III.** Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, en reunión celebrada o día 22 de Outubro adoptou, entre outros, o acordo de autorizar a contratación de subministro de camisetas para a carreira da San Martiño 2015 coa a empresa Ablanal S.A, toda vez que a empresa aportou a documentación preceptiva, facultando ao Presidente do CMD para asinar o correspondente contrato, segundo as seguintes cláusulas

ACORDAN:

Primeiro.- A empresa Ablanal S.A obrígase e a entregar o subministro de 11000 camisetas para a Carreira Pedestre da San Martiño 2015, polo prezo de 20470 € máis (4298,70 €) en concepto de IVE, polo que resulta un importe total de 24768,70 € (vintecatroyo mil setecentos sesenta e oito euros con setenta céntimos).

De conformidade coa oferta, e segundo o recollido no prego consta incluído no citado prezo a serigrafía e transporte do subministro ao lugar indicado polo Consello Municipal de Deportes.



Segundo.- Que a empresa Ablanal SA ten constituído unha fianza a nome do Consello Municipal de Deportes de 1023,50 euros, o 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE.

Terceiro.- Que baixo a súa responsabilidade, o representante legal da empresa contratista declara ter capacidade para contratar conforme aos artigos 54 e ss do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sen estar incurso en ningunha prohibición de contratar das sinaladas no artigo 60 do mesmo.

Cuarto.- O presente contrato axustarase ao disposto no prego de cláusulas administrativas e técnicas que se incorporan ao presente contrato, que será asinado polas partes contratantes e que será de abrigado cumprimento. En todo caso, o presente contrato rexeráse pola normativa aplicable en materia de contratación administrativa.

Quinto.- A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para a resolución de cantas controversias se podan suscitar na interpretación ou cumprimento do aquí convido polas partes dada a súa natureza administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, asinase o presente convenio por ámbalas partes no lugar e data reseñados no seu encabezamento, quedando un exemplar do mesmo en poder de cada parte.

O Presidente do Consello Municipal de Deportes

O representante de ABLANAL SA



Asdo.- José mario Guede Fernández

Antonio Blanco Alvarez

O Secretario do CMD

Asdo.- José Manuel da-Cunha Babarro